



AXENDA PARA O MES DE NOVEMBRO

- **Sábado 4 de novembro**, inauguración da exposición de **Vedra Medra** no Museo do Pobo Galego.
- **Sábado 18 de novembro**, nova etapa do grupo de **sendeirismo** (Vigo – Redondela).
- **Sábado 18 de novembro**, encontro informativo sobre a **vespa velutina**.

E TAMÉN...

- **Concurso de Tarxetas de Nadal**, prazo aberto ata o 5 de decembro.
- **Gala do deporte**, presentación de candidaturas ata o 1 de decembro.
- Aberto o prazo para anotarse ao segundo módulo do programa de **Agroformación: O cultivo do shitake nos nosos montes** que terá lugar o 15 e 16 de decembro.

AXENDA DE ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE:

- **Escola de Saúde: "Ictus, traumatismos cranio encefálicos e outras causas do Dano Cerebral Adquirido. Factores de prevención e recuperación"** o xoves 9 de novembro ás 20:00 h.
- **Bingo** o xoves 16 de novembro ás 20:00 h.
- **Baile e magosto** o domingo 19 de novembro ás 18:00 h.
- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz** o luns 20 de novembro.
- **Escola de Saúde: "O Alzheimer e outras demencias"** o xoves 23 de novembro ás 20:00 h.

NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- O sábado 18 de novembro o **Club Olímpico de Vedra** organiza o **I Cross do Souto**.
- **Berenguela pola Igualdade** tráenos a **I Andaina polo bo trato** o domingo 26 de novembro.
- A **Asociación Senunpeso** proxecta **Migas de pan** o sábado 11 de novembro dentro do **Ciclo de outono – Memoria e Muller**.

VIAXE A BOS AIRES

- Nos últimos meses veciños e veciñas de distintas parroquias do concello e con familia en Arxentina téñennos preguntado cando o concello organizaría un grupo para poder viaxar a Bos Aires.

Con independencia de que se poidan buscar datas máis propicias para máis adiante, agora mesmo teríamos a posibilidade (esixencia dun grupo mínimo de 12 persoas) de organizar unha viaxe con saída o día 28 ou 29 de novembro e regreso o 12 de decembro (con posibilidade de regresar tamén o 13 ou 14 de decembro). O prezo por persoa deste voo sería de 1.095 euros.

Aqueles interesados chamar ao teléfono 981 814 691 e manteríamos unha xuntanza para falar dos detalles do viaxe.

Prazo máximo para anotarse: 16 de novembro.





PROGRAMA DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL EMPREENDEDORA VAL DO ULLA.



Curso de animación infantil.



Curso de Deseño e Impresión en 3D.



Obradoiros Descúbrete no CPI de Vedra.



Vedra de tapas: actuación do "Tocallé á Língua".



Obradoiro de flores con crouchos de millo no Centro sociocultural cos maiores de Vedra.



Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia en colaboración coa USC.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Coloquio con Antía Cal tras a proxección do documental "A palabra xusta" de Miguel Piñeiro dentro do Ciclo de outono - Memoria e Muller.



Rematou o Circuíto Galego de Teatro Amador, que como cada outono nos trae a Asoc. Cultural Papaventos.



De interese

BONIFICACIÓNS DE IBI

■ Lémbrese que a ordenanza fiscal numero 1 reguladora do IBI, no seu artigo 14, recolle as seguintes bonificacións :

- Inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.
- As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.
- Os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.
- Inmobles rústicos nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras

ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Estas bonificacións deben ser solicitadas polos suxeitos pasivos, no prazo establecido.





III GALA DO DEPORTE

■ Neste ano 2017 o concello de Vedra acollerá a III Gala do Deporte. Animamos á veciñanza e ás entidades deportivas do concello a participar desta festa do deporte e dos valores deportivos.

Por iso instamos a que dende cada entidade deportiva, e por suposto calquera vedrés ou vedresa se anime a presentar candidatura por aquel ou aquela deportista que considere que pode optar a premio.

As categorías, a documentación e toda a información estarán dispoñibles na web do concello e no departamento de deportes a partir do 6 de novembro. O fin do prazo de presentación de candidaturas remata o 1 de decembro ás 14:00 h no Rexistro Municipal de Vedra.



Foto de familia da II Gala do Deporte de Vedra.

SENDEIRISMO (Vigo - Redondela)

■ O sábado 18 de novembro contamos cunha nova etapa do grupo de sendeirismo, que desta volta percorre de Vigo a Redondela.

Os horarios e lugares de recollida do autobús serán os seguintes:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 h.
- Parada en Lestedo ás 7:40 h.
- Parada no Breixo ás 7:45 h.
- Parada en Hipercor ás 7:50 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:00 h.

Se queres participar da actividade chama antes do 15 de novembro ao 981 814 691 e reserva a túa praza.



Cultura



III CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

■ O departamento de cultura volve lanzar o Concurso de Tarxetas de Nadal que tan ben está sendo acollido pola cativada de Vedra. A tarxeta que resulte elixida polo xurado será a que o Concello utilizará como felicitación institucional para as festas do Nadal do ano 2017.



Destinatarios: nenos e nenas ata os 12 anos.

Haberá premios.

Para participar bótalle un ollo ás bases do concurso que están colgadas na páxina web de Vedra e tamén a disposición nos centros escolares e no departamento de cultura do concello de Vedra.

O prazo de entrega dos traballos estará aberto ata o 5 de decembro.

Toda a información e bases á túa disposición:

No departamento de cultura
do concello de Vedra

Tel: 981 814 691

cultura@concellodevedra.com

www.concellodevedra.com

VEDRA MEDRA

En marcha e abrindo camiños

■ Comezamos o novo curso e facémolo pola porta grande, a do Museo do Pobo Galego, que nos abrirá a súa para inaugurar o vindeiro 4 de novembro a exposición **"Vedra medra, unha aposta polo patrimonio cultural inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego"**. O museo compostelán acollerá este proxecto, gañador da X edición do Proxecto Didáctico A. Fraguas 2016-2017.

O CPI de Vedra tiña o compromiso coa Fundación A. Fraguas de mostrar ao público o labor que levamos a cabo ao longo de todo o curso pasado.

A exposición **Vedra medra** constará dunha serie de dez paneis informativos distribuídos polo primeiro andar do edificio, á que xuntaremos os audiovisuais e traballos realizados nas aulas e no obradoiro de patrimonio. Estes estarán aloxados nun ordenador ao que

se poderá acceder; un segundo ordenador ofrecerá a posibilidade de ver todas as actuacións subidas ao **Facebook Vedra medra**.

Vedra e a súa rapazada serán os protagonistas indiscutibles dunha exposición, de acceso libre e gratuíta, que acollerá a Cidade do Apóstolo os próximos meses.

Agardamos que todos os vedreses se acheguen, nos visiten e así poidan coñecer de primeira man un traballo con base nos nomes de lugar do concello, que fixemos con moitísima ilusión e un enorme esforzo.

Coa inauguración desta exposición daremos por pechada a nosa primeira etapa. Pero **Vedra medra** continúa neste curso 2017-18; tócanos abrir outro camiño... o de Santiago ao seu paso por Vedra.


Agora toca transformarse en peregrinos e continuar percorrendo esas transitadas vías do patrimonio local.

Topo, Nimo e Nimia, as nosas mascotas, xa están preparando a súa indumentaria... porque **Vedra**

medra comeza a súa andaina en novembro **...co feito do Camiño**.

E se desexan incorporarse ao proxecto, temos sitio para todos e recibiremos con gusto a aqueles que queiran formar parte.

O **Facebook Vedra medra** botará tamén a andar en breve. Convidámoslos pois, a participar activamente para así seguir sumando por un PATRIMONIO VIVO.



Formación

CURSO DE PAQUETERÍA

■ Duración: 4 h. O curso é totalmente práctico.
PUNTOS A DESENVOLVER:

- 1- Empaquetado actual. Aproveitamento de papel. Realización de paquetes vangardistas.
- 2- Decoración de paquetes con materiais e recortes reciclados; usando unha imaxe de marketing apropiada.
- 3- Paquetes de pregos. Dobres e triplos. Creando unha imaxe elitista de paquetes sinxelos con formas planas.

- 4- Paquetes de abanicos de formas tridimensionais, creación de volúmenes.
- 5- Realización de paquetes con formas irregulares, redondos, hexagonais...

- **Día:** Sábado 18 de novembro de 10:00 a 14:00 h.
- **Lugar:** Casa das Artes.
- **Prezo:** 35 €/persoa (inclúe materiais).

Para máis información e inscricións: 981 814 692 (Oficina de Emprego).



VEDRA DE TAPAS

■ O mércores 25 de outubro, no salón de plenos do concello de Vedra tivo lugar a entrega de premios aos establecementos e participantes do Roteiro - Concurso Vedra de Tapas 2017.

Durante dúas fins de semana 11 establecementos de Vedra acolleron esta iniciativa que mesturaba interese turístico, gastronómico e tamén a intención de ser unha aposta diferente!!

Co bo sabor de boca que deixou tanto en hostaleiros, coma na organización e persoas participantes, despois de recoller 450 cartóns nas 11 urnas (dos que só foron válidos 412), presentamos os resultados do concurso, dos que tivo conta a comisión avaliadora reunida no salón de plenos do concello o 19 de outubro ás 10 horas.

1ª MENCION Á MELLOR TAPA:

Guiso de rabo de vaca de Bandeira con cogomelos e castañas (Bar Barreiro).

2ª MENCION Á MELLOR TAPA:

Lagostinos recheos de crema de cogomelos (Candil).

3ª MENCION Á MELLOR TAPA:

Flan de crema de augardente con crocante de chocolate (Bar Barreiro).



Bar Barreiro: Guiso de rabo da vaca da Bandeira con cogomelos e castañas.

Relación de agasallos entre os participantes no concurso:

Para as cartillas con selos de como mínimo 5 establecementos resultaron gañadores de:

- Un lote de produtos locais: **Gerardo Pampin Cao** (San Andrés de Illobre).

- Un lote de produtos locais: **Saray Cabo Millán** (San Xián).
- Un lote de produtos locais: **Cándido Pereiro Muñín** (Santiago de Compostela).
- 1 tarxeta regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello: **Mary Botana** (Boqueixón).
- 1 tarxeta regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello: **Jose Vieiro López** (San Mamede).



Grupo facendo o Vedra de Tapas

Para as cartillas con selos de como mínimo 8 establecementos resultaron gañadores de:

- Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes do concello: **Manuel Silva Fernández** (San Miguel de Sarandón).
- Unha "Escapada Termal" con estanza para dúas persoas con almorzo incluído, circuito termal: **Mercedes Taibo Rivera** (San Andrés de Illobre).

Para cartillas con todos os selos resultou gañadora dos 200,00 €: **Sabela Sanmartín** (Boqueixón).

Por último, como gañadora do agasallo de grupo conclúese a foto enviada por **Rocío Garaboa**.



Foto de grupo dos gañadores do Vedra de Tapas.



A VESPA ASIÁTICA, “UN INIMIGO DE TODOS”

■ Encontro informativo sobre o problema da vespa velutina no noso concello impartida por José María Bello (delegado da Asociación Galega de Apicultura na Comarca do Morrazo).

- **Data:** sábado 18 de novembro ás 17:00 horas.
- **Lugar:** no Centro Sociocultural do Burgo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE AGROFORMACIÓN

■ A concellería de medio rural continúa co “Programa de Agroformación: alternativas de cultivo no noso agro”, o segundo dos módulos formativos.

O cultivo de shitake nos nosos montes

- **Datos:** 15 de decembro - Sesión teórica de 18:00 a 20:00 h.
- 16 de decembro - Saída de campo.

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 691.

CURSO DE PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA FORESTAL: MANEXO PRÁCTICO DE MOTOSERRA E ROZADORA

■ Curso teórico – práctico de 10 horas de duración e que se imparte na súa totalidade na modalidade presencial.

- **Prezo:** 75,00 €.
- **Participantes:** Grupos mínimos de 15 participantes e 25 participantes como máximo.
- **Contidos:**
 - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
 - A prevención de riscos laborais con maquinaria forestal lixeira.
 - A prevención de riscos laborais con maquinaria agrícola: o tractor.
 - Os equipos de protección individual.
 - Seguridade viaria no manexo de máquinas automotrices por estradas e camiños agrícolas.
 - Primeiros auxilios e primeira intervención no caso de accidente.
 - Práctica de campo: realización de prácticas en parcelas forestais.

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 692.

CAMPAÑA MICROCHIP

■ Coa publicación no DOG do 11/10/17 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que entrará en vigor aos tres meses desta publicación, lembrámonos-lles as obrigas mais salientables dos propietarios de animais de compañía:

- Garantir todas as súas necesidades básicas (alimentación, aloxamento, revisións, etcétera)
- Adoptar as medidas necesarias para que os animais NON poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados.
- Recoller os excrementos [...]
- Evitar a reprodución incontrolada dos animais.
- Manter actualizados os datos do rexistro obrigatorio. Os animais deberán ser identificados no REGIAC dentro dos tres primeiros meses de vida [...]
- Contratar un seguro de responsabilidade civil nos supostos legais e regulamentariamente establecidos. [...]

O incumprimento destas obrigas dará lugar a sancións que segundo a súa tipificación de infracción leve, grave ou moi graves poden ser de **100 ata 30.000 euros**.

Ademais esta lei no seu **artigo 12** estipula que:

“...a identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida e, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión. Así mesmo, serán obxecto de identificación obrigatoria todos os animais catalogados como potencialmente perigosos...”

O Concello propón unha campaña para a colocación de microchip dos animais para adecuarse á normativa antes da súa entrada en vigor. O prezo dos servizos veterinarios será de 26 €. Para os cans potencialmente perigosos será de posto que ademais deberán pagar 20 € polo certificado sanitario obrigatorio. Para anotarse á campaña proposta chamen ao teléfono 981 814 691.



CURSO DE PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA: MANEXO PRÁCTICO DE TRACTOR E OS SEUS APEIROS.

■ Curso teórico – práctico de 10 horas de duración e que se imparte na súa totalidade na modalidade presencial.

- **Horas totais:** (4 horas teóricas + 6 horas prácticas).
- **Prezo:** 60,00 €
- **Participantes:** Grupos mínimos de 15 participantes e 25 participantes como máximo.

• Contidos:

- Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
- Riscos xerais e a súa prevención.
- Elementos básicos de xestión da prevención de riscos laborais.
- Riscos específicos da actividade agraria.
- Prácticas de campo: para a realización das prácticas contarase con tractor e apeiros.

Máis información e inscricións no teléfono 981 814 692.

Servizos Sociais



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Escola de Saúde: "Ictus, traumatismos cranio encefálicos e outras causas do Dano Cerebral Adquirido. Factores de prevención e recuperación".**

Xoves 9 de novembro ás 20:00 h.

Intervén: Rocío García Calvo (Psicóloga/Neuropsicóloga e Directora da Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA).

■ **Bingo**

Xoves 16 de novembro ás 20:00 h.

■ **Baile e magosto**

Domingo 19 de novembro ás 18:00 h.

Concurso de doces caseiros.
Baile con grupo musical.

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz.**

Luns 20 de novembro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas imitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición para esta

saída, ábrese o 11 de novembro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

■ **Escola de Saúde: "O Alzheimer e outras demencias"**

Xoves 23 de novembro ás 20:00 h.

Imparte: AGADEA.

Colabora: Obra Social "LaCaixa".

NOVIDADE:

■ **Posta en marcha dun "Servizo de estimulación terapéutica para persoas con demencia"**

Cando?

2 días á semana durante 3 horas / 6 horas semana.

De decembro de 2017 a novembro de 2018.

En que consiste?

As actividades que se levarán a cabo serán tales como: Terapias de orientación á realidade, estimulación cognitiva en grupo e individual, xerontoximnasia,

psicomotricidade e actividades lúdicas de manipulación.

Equipo que intervén:

Terapeuta ocupacional e Educador/a Social.

AGADEA.

Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer.

Prezo: 50 € / mes / persoa.

Colabora: Obra Social "LaCaixa".

Para máis información e inscricións:

Departamento de Servizos Sociais ou 981 814 693.



ESCOLA DE FAMILIAS

■ **Recordal:** seguimos traballando para tratar temas do voso interese, polo que si desexas facer algunha suxestión ou tes especial preocupación por algunha temática fainos chegar a túa proposta a través do teléfono 699 041 486 ou o mail: carmen.sabio@concellodevedra.com

PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que continuamos a prestar este servizo coa intención de:



- Facilitar o acceso aos distintos itinerarios formativos.
- Ofrecer información e orientación en cuestións educativas.
- Asesoramento ás familias sobre as posibles alternativas educativas.

Para calquera consulta pedir cita previa no teléfono 981 814 612 ou no enderezo electrónico: carmen.sabio@concellodevedra.com

VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do concello de Vedra.

Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do entorno familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

O desenvolvemento do programa realizarase durante o curso 2017-2018 a través de actividades eminentemente prácticas que se desenvolverán en distintas sesións.

ANÍMADEVOS A PARTICIPAR!

Para participar e máis información no 699 041 486 ou no enderezo electrónico: carmen.sabio@concellodevedra.com

LUDOTECA

■ Dende o ano 1989 celébrase a conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia o 20 de novembro, é un día de alegría e tamén de pensar e reflexionar sobre a situación e a participación da infancia no noso concello. Este ano colocámonos as lentes de xénero para reflexionar sobre se os dereitos dos nenos e as nenas se cumpren do mesmo xeito e desterrar algúns mitos sobre que poden e non poden facer homes, mulleres, nenos e nenas.

Dende o proxecto Conxuga seguimos a traballar na educación para a corresponsabilidade e a igualdade a través de todas as actividades que desenvolvemos na actividade lúdica e a través do xogo.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro musical.
- Obradoiro de habilidades sociais "Pódese?", como pedir axuda.
- Descubrindo Vedra: O Magosto.
- Experimentos divertidos. "A profesora Chifrada".
- Xogos reunidos.
- Obradoiro de circo.
- Xincana: "Os dereitos dos nenos e nenas".
- SuperChef.
- "As palabras teñen vida: contacontos: "Os dereitos dos nenos e nenas" e "contacontos contra a violencia".

Os horarios da ludoteca son os seguintes:

- Luns, mércores e venres de 15:00 a 20:00 h.
- Martes e xoves de 17:00h a 20:00 h.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA

MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores continúa durante todo o curso escolar. Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA



OLÍMPICO DE VEDRA - I CROSS DO SOUTO

■ O sábado 18 de novembro o Club Olímpico de Vedra organiza o I Cross do Souto.

Probos, distancias e horarios

A partir das 16:00 Carreiras de categoría menores.

- CARREIRA PREBENXAMÍN (nados/as en 2011 e posteriores) 200 metros.
- CARREIRA BENXAMÍN (nados/as en 2009 e 2010) 600 metros.
- CARREIRA ALEVÍN (nados/as en 2007 e 2008) 1200 metros.
- CARREIRA INFANTIL (nados/as en 2005 e 2006) 1800 metros.
- CARREIRA CADETE (nados/as en 2003 e 2004) 2500 metros.

A partir das 16:45 Carreiras Absolutas. 6300 metros.

- CARREIRA XUVENIL-JUNIOR (nados/as entre 1999 e 2002)
- CARREIRA PROMESA-SENIOR (nados/as entre 1983 e 1998)
- CARREIRA VETERÁN (nados/as antes de 1982)

Límite de inscricións

- 60 deportistas por carreira.

Nas carreiras absolutas en caso de que non se completen, a organización resérvase o dereito de fusionalas.

Prezos das inscricións

- Carreiras absolutas 3,00 €.
- Carreiras menores 2,00 € de fianza. (Devólvense na meta)

Prazos de inscrición

- Dende o luns 23 de Outubro as 14:00 ata que se completen as prazas.
- Peche definitivo da inscrición mércores 15 de novembro as 14:00 en www.olimpicodevedra.org ou galitiming.com.

Recollida de dorsais

- Os dorsais recolleranse a partir das 14:30 horas na secretaria situada a carón da saída.

Premios e trofeos

- Para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada categoría. NON HABERÁ PREMIOS ECONÓMICOS.

Outras consideracións

- A proba está organizada polo club Olímpico de Vedra e todos/as deportistas estarán cubertos por un seguro de accidentes.

CONTINÚA O CICLO DE OUTONO - MEMORIA E MULLER Cinema galego en Vedra

- Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
Organiza: Asociación Senunpeso Producións.
Colaboran: Concello de Vedra - Deputación da Coruña - Asociación Cultural Papaventos.

O ciclo "Memoria e muller" achéganos a través de tres documentais e un drama á memoria das mulleres que, en contextos moi diferentes, tiveron a coraxe de percorrer camiños non trazados.

Os filmes deste ciclo queren rescatar do esquecemento o papel das mulleres na renovación pedagóxica durante o franquismo, na resistencia ás ditaduras sudamericanas, na febre do volframio en Galicia durante a II Guerra Mundial e na loita pola supervivencia mediante o estraperlo na fronteira con Portugal.

O ciclo contará coa presenza de protagonistas, actores e directoras dos filmes proxectados, para presentalos e participar no coloquio posterior.

Sábado 11 de novembro ás 20:00 h.

MIGAS DE PAN, de Manane Rodríguez (2016). Drama baseado en feitos reais. 109 min.

Con Cecilia Roth, Justina Bustos, Ernesto Chao, Quique Fernández, Artur Trillo, Sonia Méndez.

Drama inspirado no relato de Liliana Pereira, unha ex presa política da última ditadura de Uruguai (1973-1985). A moza foi encarcerada no ano 1975 polas súas ideas, foi torturada e perdeu a custodia do seu fillo. Anos despois, en 1982, Liliana decide volver ao

seu país para enfrontarse ao seu pasado. Alí terá que elixir entre o que lle pide o seu corazón e o que lle dita a súa conciencia, e enfrontarase ao dilema de elixir entre a concordia co seu fillo e a denuncia colectiva que prepara un grupo de antigas compañeiras de presidio. **Non recomendada a menores de 16 anos. Presentación e coloquio: Ernesto Chao.**

Sábado 2 de decembro ás 20:00 h.
A LUZ DO NEGRO, de Encarna Otero (2014). Documental, 34 min.

MULLERES DA RAIA, de Diana Gonçalves (2009). Documental, 42 min.

A luz do negro. O volframio da Brea e o poboado do Fontao céntrase na febre mineira que se viviu durante a II Guerra Mundial, cando aliados e alemáns se disputaban o volframio que saía das minas galegas. Entre elas estaba a da Brea, en Vila de Cruces, que ocupou miles de homes e mulleres. Estas tiñan vetado o labor nas galerías e na fábrica, mais participaban no lavado e na separación do mineral. Moitas estiveron en concesións independentes e nas redes de estraperlo.

Mulleres da raia é unha viaxe ás fronteiras de Portugal e Galicia que nos transporta ao noso pasado máis recente, no que o contra-

bando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais. A raia, como popularmente é coñecida a fronteira, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia e as súas mulleres son testemuñas. **Presentación e coloquio: Encarna Otero e Diana Gonçalves.**



ASOCIACIÓN BERENGUELA POLA IGUALDADE 1ª ANDAINA POLO BO TRATO

■ A asociación Berenguela pola Igualdade, coa colaboración do concello de Vedra e diferentes casas comerciais, ten a iniciativa de levar a cabo unha andaina con nome propio que consta de 19 km e outra máis pequena para chegar a todas as persoas que queiran formar parte.



A "ruta do Pereiro-Sales" será a encargada de albergar a toda persoa que se achegue a camiñar con nós, tanto maior como pequena. Esta ruta discorre ao longo do río que leva o mesmo nome, e ten por obxectivo mobilizar á poboación e sensibilizar en canto ao problema da violencia de xénero que está a sufrir o noso país, día que se conmemora o 25 de novembro, de cara a encamiñarnos cara o bo trato duns e doutras. Levarase a cabo o domingo día **26 de Novembro** pola mañá, no cal o punto de encontro será a **carballeira do Souto** de San Fins de Sales ás **9:00h**. Haberá photocall "polo bo trato", sorteos e agasallos, petiscos, chocolatada para entrar en calor e ata unha foliada! Inscríbete e forma parte desta andaina polo bo trato no seguinte correo electrónico: berenguelasociacion@hotmail.com antes do 20 de novembro.

Esperámosvos!

ESCOLA DE TENIS DE VEDRA

INAUGURACIÓN
ESCOLA DE TENIS VEDRA
TEMPADA 2017/18

Campo do Coto (Sta. Cruz de Rivadulla)
Localización GPS
Latitude: 42.76367
Lonxitude: -8.421302
2 pistas de cemento + 1 pista de mini-tenis
Luz artificial

CLASES | CURSOS | TORNEOS
CAMPIONATOS | EQUIPOS | EXCURSIONS

Horarios adaptables aos xogadores
Grupos por nivel e categoría
Necesario un número mínimo de alumnos
De outubro a xuño
Escola infantil e xuvenil (de 5 a 18 anos)
Luns a venres de 15:30 a 21h
Sábados de 10 a 14h e de 16 a 20h
Escola de adultos (+18 anos)
Luns a venres de 10 a 14h e de 20 a 22h
Prezo de 3€/h* *Descontos por trimestre

INFORMACIÓN DE CONTACTO:
TELÉFONO: 627 164 680
E-MAIL: ETVEDRA@HOTMAIL.COM



NACE EN VEDRA “RIBADOULLA CICLOESCUSA”

Unha asociación para xuntar aos afeccionados ao ciclismo da nosa comarca.

■ Se practicas ciclismo, ben sexa BTT ou estrada polos montes e pistas da comarca, únete a *Ribadoulla Cicloescusa*. Unha nova asociación que en tan só tres meses puxo en contacto a dúcias de ciclistas da comarca. Con *Ribadoulla Cicloescusa* poderás:

- Contactar con outros afeccionados á bicicleta para facer saídas pola comarca do Ulla e descubrir novas rutas.
- Participar co equipo en rutas ciclistas organizadas.

- Contar coa cobertura dun seguro de responsabilidade civil.
- Gozar de descontos nas tendas de ciclismo colaboradoras.
- E dispoñer do fantástico equipamento de deseño exclusivo para *Ribadoulla*.

Podes poñerte en contacto con *Ribadoulla* a través do correo info@ribadoulla.es

Se che gusta darlle ao pedal, non faltes!

Polo bo civismo



MATERIA PENDENTE...

■ En Vedra cada vez reciclamos máis e mellor, esta é unha realidade, pero aínda temos que mellorar algúns aspectos como o dos residuos mal depositados, o que se chaman residuos impropios. Así temos que, de vez en cando, nos atopamos con que nun colector amarelo, (onde solo se poden depositar os envases de plástico, latas e bricks) aparecen residuos doutra natureza que fan que todo o contido do colector teña que ser desbotado no colector de xenéricos.

Facemos un chamamento á veciñanza para coidar estes pequenos xestos co fin de aumentar a calidade da recollida selectiva e posibilitar a mellora do sistema de reciclaxe de envases.



DEPOSITA NO CONTEADOR AMARELO



Envases de plástico
Botellas de auga, envases de iogur, bandexas de cortiza branca, bolsas de plástico...

Envases metálicos
Latas de bebidas e conservas, bandexas de aluminio, tapas metálicas e aerosois...

Bricks
Zumes, leite, caldo, viños, salsas...

DEPOSITA NO CONTEADOR AZUL



Envases de cartón
Caixas de galletas, de cereais, de zapatos, oveiras de cartón...

Papel
Bolsas de papel, xomais, libros, revistas...

QUE NON DEPOSITAR NO CONTEADOR AMARELO



Nunca deposites no contedor amarelo roupa, vidro, cartón, orgánicos ou outros obxectos que non sexan envases.

IGLÚ VERDE



Deposita envases de vidro, botellas e tarros sen tapa.

CONTEADOR DE RESTO



Deposita neste contedor aqueles residuos que non sexan envases e que non se poidan reciclar.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.